

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL PONTE CALDELAS

#### Contratos administrativos

#### *APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO CONTRATO DE MANTEMENTO DE ASCENSORES, PORTAS AUTOMÁTICAS E SALVAESCALEIRAS.*

Por Resolución de Alcaldía de data 24 de novembro de 2014 procedeuse á aprobación do expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas, cos seguintes datos:

#### *1. Entidade adxudicadora:*

Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: Concello de Ponte Caldelas

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizos xerais.

c) Obtención de documentación e información:

1) Dependencia: Oficinas xerais do Concello de Ponte Caldelas

2) Domicilio: Avda. de Galicia, nº 17

3) Localidade e Código Postal: Ponte Caldelas, 36820

4) Teléfono: 986750001/13 – ext. 2

5) Fax: 986750020

6) Correo electrónico: [alcaldia@pontecaldelas.org](mailto:alcaldia@pontecaldelas.org)

7) Enderezo de internet do Perfil de Contratante: [http://www.pontecaldelas.org/perfil\\_gal.htm](http://www.pontecaldelas.org/perfil_gal.htm)

8) Data límite de obtención de documentación e información: último día de presentación de ofertas.

#### *2. Obxecto do contrato.*

a) Tipo: Contrato de servizos.

b) Descrición: contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de mantemento de ascensores, portas automáticas e salvaescaleiras do Concello de Ponte Caldelas.

c) Duración e admisión de prórroga: 2 anos, con posibilidade de prórroga por 2 anos máis, ano a ano, a contar dende a formalización do contrato.

### 3. *Tramitación e procedemento:*

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Poxa electrónica: non.

d) Criterios de Adxudicación: varios criterios de adxudicación. Cláusula 16 dos pregos.

### 4. *Valor estimado do contrato:*

A retribución económica máxima anual que percibirá o adxudicatario ascende á contía de 5.000,00 €, desglosado nun valor estimado de 4.132,23 €, e un IVE de 867,77 €.

### 5. *Orzamento base de licitación.*

A retribución económica máxima anual que percibirá o adxudicatario ascende á contía de 5.000,00 €, desglosado nun valor estimado de 4.132,23 €, e un IVE de 867,77 €, polo que se realiza a mellora mediante baixa respecto deste.

### 6. *Garantía esixida.*

Provisional: non se esixe.

Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

### 7. *Requisitos específicos do contratista:*

a) Clasificación: Non esixida.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: Cláusula 14 dos pregos.

### 8. *Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación:*

a) Data límite de presentación. O prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

b) Modalidade de presentación. Os sobres de que consta a proposición presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello de Ponte Caldelas, en horario de 9,00 a 14,00 horas ou enviaranse por correo. Cando as proposicións se presenten por correo o interesado deberá xustificar co resguardo correspondente á data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación por fax, telex ou telegrama a remisión da proposición; sen cumprir estes requisitos non se admitirá a proposición no caso de que se recibira no rexistro xeral fóra do prazo fixado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os diez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

c) Lugar de presentación:

1) Dependencia: Oficinas xerais do Concello de Ponte Caldelas

2) Domicilio: Avda. de Galicia, nº 17

3) Localidade e Código Postal: Ponte Caldelas, 36820

4) Teléfono: 986750001/13 – ext. 2

5) Fax: 986750020

6) Correo electrónico: [alcaldia@pontecaldelas.org](mailto:alcaldia@pontecaldelas.org)

#### 9. Apertura de ofertas.

a) Descrición: Público.

b) Enderezo: Avda. de Galicia, nº 17

c) Localidade e código postal: Ponte Caldelas, 36820

d) Data e hora: Será publicado no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

#### 10. Gastos de Publicidade

Os gastos xerados pola publicidade da licitación nos diarios oficiais que procedan, co límite precisado no artigo 75 do RCAP.

Ponte Caldelas, 24 de novembro de 2014.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

**2014021284**

